

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS**CONSELLERÍA DE EMPREGO E IGUALDADE**

EXTRACTO da Orde do 29 de decembro de 2021 pola que se establecen as bases reguladoras do Programa de axudas para implantar a igualdade laboral, a conciliación e a responsabilidade social empresarial (RSE), e se procede á súa convocatoria para o ano 2022 (códigos de procedemento TR357B, TR357C e TR357D).

BDNS (Identif.): 607608.

De conformidade co previsto nos artigos 17.3.b) e 20.8.a) da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, publícase o extracto da convocatoria cuxo texto completo se pode consultar na Base de datos nacional de subvencións (<http://www.pap.minhap.gob.es/bdnstrans/index>).

Primeiro. Beneficiarias

As empresas solicitantes poderán ser pemes ou persoas traballadoras autónomas, que teñan subscritos contratos con persoas traballadoras por conta allea con domicilio social e centro de traballo en Galicia, calquera que sexa a súa forma xurídica, e que estean validamente constituídas no momento de presentar a solicitude de axudas.

Para as liñas II e III tamén poderán presentar solicitude as empresas con centros de traballo en Galicia.

No caso da liña I, as empresas deberán contar como mínimo con dez persoas traballadoras e cun máximo de 49.

Para a liña II, se a solicitude é para as subliñas 1 e 3, as empresas deberán contar cun mínimo dunha persoa traballadora, e se a solicitude é para a subliña 2, as empresas deberán contar cun mínimo de cinco persoas traballadoras.

Para a liña III, as empresas deberán contar cun mínimo de 5 persoas traballadoras.

Segundo. Obxecto

Establecer as bases reguladoras, para o ano 2022, para a concesión, en réxime de concorrência competitiva, de axudas e incentivos a pemes, incluídas persoas traballadoras



autónomas, para implantar sistemas de xestión de RSE (TR357B), a igualdade laboral (TR357C), así como para adoptar medidas de corresponsabilidade e de conciliación da vida familiar, persoal e laboral (TR357D), no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia.

Terceiro. *Bases reguladoras*

Orde do 29 de decembro de 2021 pola que se establecen as bases reguladoras do Programa de axudas para implantar a igualdade laboral, a conciliación e a responsabilidade social empresarial (RSE), e se procede á súa convocatoria para o ano 2022 (códigos de procedemento TR357B, TR357 e TR357D).

Cuarto. *Importe*

Para a concesión destas axudas destínase un millón catrocentos mil euros (1.400.000 €), de acordo coa seguinte distribución:

Liña I. Elaboración e implantación de plans de igualdade: catrocentos mil euros (400.000,00 €).

Liña II. Conciliación: novecentos mil euros (900.000 €).

Subliña 1. Incentivos para o fomento do teletraballo: cento cincuenta mil euros (150.000,00 €).

Subliña 2. Incentivos para o fomento da flexibilidade horaria: cincocentos cincuenta mil euros (550.000, 00 €).

Subliña 3. Investimentos: douscentos mil euros (200.000,00 €).

Liña III. Certificacións RSE: cen mil euros (100.000 €).

Quinto. *Prazo de presentación de solicitudes*

O prazo para a presentación de solicitudes será de un mes contado desde o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 29 de decembro de 2021

M^a Jesús Lorenzana Somoza
Conselleira de Emprego e Igualdade

CVE-DOG: f99w4i8-gv05-a9z5-tje6-iyrbmbvzfz0z0

